

C

Compostela
Cultura


XXI Ciclo de Lied



A beleza da melancolía

18 • 22 • 29 Setembro | 20.30 h

Teatro Principal | Santiago de Compostela



**XXI Ciclo
de Lied**

A beleza da melancolía

venres

18

Manuel Gómez Ruiz
tenor

Trío Arbós
violín, violonchelo e piano

L. VAN BEETHOVEN

martes

22

Paul Gay
baixo-barítono

Maciej Pikulski
piano

F. SCHUBERT

F. LISZT

H. DUPARC

M. RAVEL

martes

29

José Antonio López
baixo-barítono

Cuarteto Novecento
cuarteto de corda

G. PUCCINI

G. MAHLER

W. E. KORNGOLD

G. FINZI

S. BARBER

M. RAVEL

Manuel Gómez Ruiz

tenor

Trío Arbós

violín, violonchelo e piano

Cecilia Bercovich, José Miguel Gómez e Juan Carlos Garvayo

L. van Beethoven

18

I Parte

Ludwig van Beethoven (1770 - 1827)

An die ferne Geliebte Opus 98 (Jeitteles)

Auf dem Hügel sitz ich spähend

Wo die Berge so blau

Leichte Segler in den Höhen

Diese Wolken in den Höhen

Es kehret der Maien, es blühet die Au

Nimm sie hin denn, diese Lieder

Lieder verschiedener Völker / Cancións de varios pobos WoO 158

Ridder Stig tjner i Kongens Gaard. (Dinamarca)

Alemaña Horch auf mein Liebchen. (Alemaña)

Suecia Lilla Carl, sov sött i frid! (Suecia)

Auf, auf, ihr Freunde lasst mi Wein. (Polonia)

Lenz und Liebeswonnen enden. (Polonia)

Nach der Heimat Rebenfluren. (Hungria)

In dem Walde, dem grünen Walde. (Rusia)

Ach, ihr Bächlein, Kühlen Wasser. (Rusia)

Unsre lieben Mädchen gingen. (Rusia)

Schöne Minka. (Ucraina)

II Parte

Ludwig van Beethoven

Lieder verschiedener Völker / Cancións de varios pobos WoO 158

Da brava, Catina. (Canzonetta veneziana - Italia)

La biondina in gondoletta. (Canzonetta veneziana - Italia)

Non, non, Colette n'est point trompeuse. (Air français - Francia)

Seus lindos olhos. (Portugal)

Yo no quiero embarcarme. (Canción - España)

La tirana se embarca. (Tiranilla española - España)

25 Irische Lieder / 25 Cancións irlandesas WoO 152

Once more I hail thee

12 Irische Lieder / 12 Cancións irlandesas WoO 154

The pulse of an Irishman

26 Walisische Lieder / 26 Cancións galesas WoO 155

Love without hope

The vale of Clwyd

25 Schottische Lieder Op. 108

Bonny laddie, highland laddie

Sally in our alley

Come fill, fill my good fellow





Manuel Gómez Ruiz



Manuel Gómez Ruiz, natural de Gran Canaria, estudou na Hochschule für Musik »Hanns Eisler« con Anneliese Fried e na Universität der Künste co tenor Robert Gambill. Participou en clases maxistras con Thomas Hampson e Wolfram Rieger (Schubertiade Hohenems); Thomas Quasthoff e Justus Zeyen (Schubertiade Schwarzenberg); John Mark Ainsley e Sir Thomas Allen (Leeds Lieder); e Malcolm Martineau (LIFE Barcelona).

En 2007 debutou coa estrea berlinesa da zarzuela *La Revoltosa*, produción da Komische Oper Berlin no Hebbel Theater retransmitida pola Deutschlandkulturradio. En ópera, no Teatro Pérez Galdós de Las Palmas de Gran Canaria como primeiro prisioneiro no *Fidelio* de Beethoven coa Orquesta Filarmónica de Gran Canaria baixo a batuta de Pedro Halffter e baixo a dirección de José Carlos Plaza.

O tenor cantou en numerosas salas europeas, entre elas o Auditorio di Roma, a Konzerthaus de Berlín, Komische Oper Berlin, Teatro Principal e Auditorio de Zaragoza, Teatro Pérez Galdós e Auditorio Alfredo Kraus de Las Palmas de Gran Canaria, Teatro Campoamor de Oviedo, Auditorio de Tenerife, Baluarte de Pamplona, Teatro Arriaga e Palacio Euskalduna de Bilbao, Laeiszhalle de Hamburgo, Muziekgebouw de Ámsterdam, Auditorio Víctor Villegas Murcia e Teatro Real Madrid, e coa Orquesta Filarmónica de Gran Canaria, Orquesta Filarmónica de Málaga, Hamburger Symphoniker, RIAS Jugendorchester Berlín, Lauten Compagny, Orquesta Sinfónica de Zaragoza, Oviedo Filarmonía, Orquesta del Principado de Asturias, Orquesta Sinfónica de Bilbao, Orquesta Sinfónica de Tenerife, Orquesta Sinfónica de Madrid, Camerata de Murcia e Musica Florea Praga.

Dentro das súas aparicións operísticas destacan *La Finta Giardinera* de W. A. Mozart (II Podestá), a estrea berlinesa de *Les Trois Souhais* de B. Martinu (Serge / Adolphe), o seu debut en Hamburgo como Bastien en *Bastien und Bastienne* de W. A. Mozart na Laeiszhalle, a reestrea e gravación da ópera *Fra i due litiganti il terzo gode* de G. Sarti, e as súas intervencións nas temporadas de ópera de Las Palmas de Gran Canaria en *Otello* de G. Verdi (Roderigo) e *Andrea Chénier* (Incredibile), Oviedo en *Andrea Chénier* de U. Giordano (L'Abate) e *Un ballo in Maschera* de G. Verdi (Un Giudice / Un Servo d'Amelia), Bilbao-Abao en *Fidelio* (Erster Gefangener), Festival de Música de Canarias en *Ariadne auf Naxos* de R. Strauss (Scaramuccio), Teatro Real de Madrid en *Capriccio* de R. Strauss (Diener).

En concerto, o tenor participou como solista na *Messa di Gloria* de G. Puccini

coa Orquesta Filarmónica de Málaga, na recuperación do *Oficio de Difuntos* de Hilarión Eslava no Auditorio de Zaragoza e Baluarte de Pamplona, na adaptación de Goyescas coa pianista Rosa Torres-Pardo, en *El Mesías* de G. F. Händel no Auditorio Nacional de Madrid e na *Pasión según San Juan* no Muziekgebouw de Ámsterdam e Auditorio Alfredo Kraus de Las Palmas de Gran Canaria.

En recital, actuou no Festival de Música de Canarias, na Sociedad Filarmónica de Zaragoza, Sociedad Filarmónica de Las Palmas de G.C., Sociedade Filharmónica de Vigo, no Ciclo de Lied do Teatro Principal de Zaragoza, na Schubertiade de Sevilla - Andalucía Clásica celebrada no Espacio Turina, no Festival Leeds Lieder (Reino Unido) como Young Artist, Sociedade Wagneriana de Berlín, Festival dels Horts, Festival Música Sur e Festival de Música Española de León.

Foi invitado polo presidente da República Federal de Alemaña, Joachim Gauck, a actuar na residencia oficial Schloss Bellevue, pola UEFA para cantar o himno na final da Liga de Campións no Estadio Olímpico de Berlín.

Manuel Gómez Ruiz foi premiado coas bolsas Richard Wagner Verband Berlin - Brandenburg e Deutschlandstipendium, o Premio Joven Canarias 2015 do Goberno de Canarias e o Premio Gran Canaria 2017 na modalidade Música da Real Sociedad Económica de Amigos del País de Gran Canaria.

Artista concienciado coa Axenda 2030, é membro da iniciativa SDSN-Youth Arts Twenty Thirty (ONU), unha rede de artistas de todo o mundo que loita por acadar a consecución dos Obxectivos para un Desenvolvemento Sostible a nivel global a través das artes. 🐾



Trío Arbós



Premio Nacional de Música 2013, o Trío Arbós fundouse en Madrid en 1996, tomando o nome do célebre director, violinista e compositor español Enrique Fernández Arbós (1863-1939). Na actualidade é un dos grupos de cámara máis prestixiosos do panorama musical español.

O seu repertorio abrangue desde as obras mestras do clasicismo e o romanticismo (integrals de Mozart, Beethoven, Schubert, Mendelssohn, Schumann, etc.) ata a música do noso tempo. Desde a súa formación en 1996, un dos principais obxectivos do Trío Arbós foi contribuír ao enriquecemento da literatura para trío con piano a través do encargo de novas obras. Compositores do talle de Georges Apeghis, Ivan Fedele, Toshio Hosokawa, Luis de Pablo, Mauricio Sotelo, Jesús Torres, Bernhard Gander, José Luis Turina, José María Sánchez Verdú, César Camarero, José Manuel López López, Hilda Paredes, Aureliano Cattaneo, Gabriel Erkoreka, Roberto Sierra, entre outros, escribiron obras para o Trío Arbós.

O Trío Arbós actúa con regularidade nas principais salas e festivais internacionais ao longo de máis de 30 países: Konzerthaus de Viena, Conservatorio Tchaikovsky de Moscova, Academia Sibelius de Helsinki, Wittener Tage für neue Kammermusik, Teatro Colón de Bos Aires, Auditorio Nacional de Madrid, Festival de Kuhmo, Bienal de Venecia, Festival de Spoleto, MUSICA Festival de Estrasburgo, Philharmonie de Berlín, Festival Klangpuren, ULTIMA de Oslo, Time of Music de Viitasaari, Nuova

Consonanza de Roma, Festival Casals de Puerto Rico, Festival Transart de Bolzano, Festival de Sintra, Quincena Musical Donostiarra, Festival Internacional de Música Contemporánea de Alicante, Festival Internacional de Granada, Semana de Música Religiosa de Cuenca, Santander, etcétera.

O Trío Arbós realizou máis de 20 gravacións para selos como Naxos, Kairos, Col Legno, Verso, Ensayo, Fundación Autor e IBS Classical, dedicadas a Joaquín Turina, Jesús Torres, César Camarero, Gabriel Erkoreka, Luis de Pablo, Mauricio Sotelo, Roberto Sierra, e outros moitos compositores españois e iberoamericanos. Gravou para KAIROS o triple concerto *Duración Invisible* de César Camarero coa Orquesta Nacional de España dirixida por Peter Hirsch e o *Triple Concierto* de Roberto Sierra coa Orquesta Sinfónica de Xalapa e o mestre Lanfranco Marcelletti. A prestixiosa revista *Gramophone* dixo do seu aclamado disco *Play it again*: «Este disco reafirma as credenciais do Trío Arbós como un dos grupos de cámara máis completos e orientados ao futuro da actualidade.»

Durante catro temporadas o Trío Arbós estableceuse como conxunto en residencia do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid. O seu proxecto «Triple Zone», para a ampliación e difusión da literatura para trío con piano, foi patrocinado pola Ernst von Siemens Musikstiftung e pola Fundación BBVA e é conxunto en Residencia do Festival Música Sur de Motril. ■



Redescubriendo ao xenio

«Sen ti. Perseguido pola bondade dalgunhas persoas, que non quero recibir porque non merezo. Dóeme a humildade do home cara ao home. E cando me considero en conexión co Universo, que son e que é aquel a quen chaman o mais grande? E non obstante, aí aparece de novo o divino do home [...]».

L. V. Beethoven, *Carta á amada inmortal*

Sen dúbida imprevisible e caótico poden ser dous termos que definan este 2020 que, no eido da música, acaparaba en practicamente todas as programacións a conmemoración do 250 aniversario do nacemento do xenio de Bonn. Aquí non ía ser menos. Spohr e outros coetáneos atribuíranlle a Beethoven cualificativos como rudo, groseiro ou mesmo repulsivo en ocasións, pero á vez tamén destacaban aspectos máis benévolos coma a honradez ou a capacidade de amar vehementemente.

Non só o seu carácter era complexo, tamén o foi a súa traxectoria. Tanto que os investigadores non deixan de descubrir aspectos e vivencias ignoradas ata o momento. Tamén o seu repertorio. Se as súas partituras máis senlleiras se erguen como grandes obras arquitectónicas, tamén as menos coñecidas gozan desta capacidade de non deixar indiferente ao oínte. Neste caso referímonos á canción, xénero, quizais, menos interpretado do compositor universal.

O florilexio musical que segue está constituído por un dos máis representativos ciclos de lied e varios arranxos de cancións populares de distintas nacionalidades, composto entre 1810 e 1820. En musicoloxía enmarcaríanse dentro de parte do período heroico, salientado pola xordeira; e do período tardío, caracterizado pola complexidade intelectual que imprime nas obras e a afirmación dun estilo propio e persoal. Unha década na que Beethoven espertaba interese entre os seus contemporáneos pese ao difícil que era acceder á súa persoa. Neste senso os expertos acostuman sinalar novamente á xordeira coma o motivo deste illamento, ao que tamén coaduxerá a súa arisca personalidade. En canto á situación económica, pasará dun estilo de vida desafogado debido a un proteccionismo que pretendía retelo en Viena, a unha sería quebra económica posterior. A nivel persoal, son anos amorosamente truculentos como veremos con respecto ao ciclo de lied e dende o ámbito familiar, trala defunción do seu irmán, comezará unha tensa batalla legal pola custodia do seu sobriño Karl. Compositivamente atopábase nun momento exultante: xa escribira a súa única ópera, *Fidelio*, e en 1816 perfilaría o primeiro esbozo da 9ª.

Un dos misterios que ocuparon e ocupan moito tempo dos expertos foi a identidade da «amada inmortal», unha relación prohibida coa destinataria dunhas cartas atopadas despois da súa morte. Incluso se chega a relacionar este episodio vital coa composición do ciclo *An die ferne Geliebte* (*Á amada afastada*), op. 98 (1816) con texto de Jeitteles e adicada ao duque de Raudnitz. A música para Beethoven é unha canle de comunicación entre o

espectro sensorial e o espiritual do home. A partir das ideas que se desprenden do poema, Beethoven elabora unha estrutura melódica con solidez e presenza fundamental que enriquece e complementa o poema, engarzando o conxunto das seis cancións con coherencia cíclica.

Fóra do extenso corpus numerado do compositor, Kinsky e Halm catalogaron en 1955 máis de 200 obras publicadas a título póstumo, numeradas coas siglas WoO (Obras sen número de Opus). Entre elas atópase un grupo de versións de cancións de distintas nacións.

No século XIX houbo un grande interese polo estudo da cultura e da tradición dos distintos pobos e non tardaron en aparecer etnólogos e etnomusicólogos que percorrían lugares remotos recollendo material cultural de orixe popular. Estas melodías —no caso que nos concirne— foron obxecto de negocio por parte das editoriais de música, aínda que para que chegaran ao ámbito doméstico, salóns ou círculos académicos tiñan que ser adaptadas antes. Así é como o editor G. Thomson propón a Beethoven o arranxo destas melodías populares. Beethoven acepta o traballo principalmente polas ganancias económicas que lle reportaría.

Malia que poidamos caer no prexuízo de pensar que por ser de orixe popular ou mesmo por tratárense de encargos puntuais puideran ser obras menores, Beethoven non deixa de imprimir nelas o carácter desta etapa. Mesmo Thomson chegará a recriminar a complexidade técnica destas partituras que percorren practicamente o folclore do continente europeo.

Como podemos ver, todo un enigma que se postula vivo e enérxico aínda 250 anos despois do natalicio do xenio. ▲

Paul Gay

baixo-barítono

Maciej Pikulski

piano

**F. Schubert, F. Liszt, Henri
Dupare e Maurice Ravel**

martes



I

Franz Schubert (1797-1828)

Auf der Donau
Fahrt zum Hades
Wie Ulfru fischt
Totengräber Lied
Der Zurnende Barde

Franz Schubert & Franz Liszt (1811-1886)

Standchen (piano só)

Franz Schubert

Heidenroslein
Grenzen der Menschheit
Prometheus

II

Henri Duparc (1848-1933)

La vie antérieure
Extase
Le manoir de Rosemonde
Lamento
La vague et la cloche

Maurice Ravel (1875-1937)

de Gaspard de la Nuit:
Ondine (piano só)

Maurice Ravel

Don Quichotte à Dulcinée:
Chanson Romanesque
Chanson épique
Chanson à boire





Paul Gay



O baixo-barítono francés Paul Gay é coñecido internacionalmente polas súas interpretacións dos papeis principais no repertorio francés. Ten adoito colaborado con directores como Ivan Fischer, Seiji Ozawa, Michel Plasson, Yannick Nézet-Séguin, Semyon Bychkov, Philippe Jordan, Alain Altinoglu, William Christie, Emmanuelle Haïm e foi convidado a novas producións por Willy Decker, Luc Bondy, Peter Stein, Richard Jones, Claus Guth, Laurent Pelly, Krzysztof Warlikowski, Robert Carsen...

O seu repertorio principal inclúe Golaud (*Pelléas et Mélisande*), un papel que cantou na Ópera de París, en La Monnaie de Bruxelas, en Frankfurt, Turín e en Lión, Méphistophélès (*Fausto*), que foi invitado a cantar na Ópera de París, o Maggio Musicale Firenze e na Ópera de Burdeos. Outros papeis principais inclúen Saint François, de Messiaen, que debutou nunha nova produción no Bayerische Staatsoper Munich, onde tamén apareceu nas producións de *Der Zwerg*, *I Capuletti e i Montecchi*, *L'enfant et les sortilèges*.

Convidado habitual na Ópera de París, onde os seus papeis incluíron a Don Fernando (*Fidelio*), Harasta (*A pequena raposa astuta*), Achilla (*Giulio Cesare*), Don Diègue (*Le Cid*), Flint (*Billy Budd*) e Le Comte des Grieux (*Manon*). Tamén aparece regularmente en Bruxelas, Frankfurt e Lión e fixo o seu debut en América do Norte como Escamillo (Carmen) na Canadian Opera Company.

Participou en diversas creacións contemporáneas, incluída *L'Ecole des Femmes*, de Rolf Liebermann na Ópera de Burdeos e a ópera de Philippe Boesman, *Yvonne Princesse de Bourgogne*, unha produción estreada en París, Bruxelas e Viena.

Tras completar os seus estudos, gañando o 'Premier Prix' no Conservatorio de París, Paul Gay debuta na ópera como membro da compañía en Osnabrück, interpretando roles como Colline (*La Bohème*), Walter (*Luisa Miller*) e o papel principal de *Don Quichotte*, de Massenet. Gañador de premios en varios concursos internacionais de canto, continuou o seu perfeccionamiento vocal en Colonia co recoñecido baixo Kurt Moll.

Paul cantou o papel principal de Oedipe, de Enescu, en Londres e Bucarest baixo a batuta de Vladimir Jurowsky, e Ramfis en Aida, en Hong Kong, Méphistophélès do Faust, de Gounod, en Montecarlo e *L'enfant et les Sortilèges* de Ravel dirixido por Seiji Ozawa, coa Filarmónica de Berlín, produción pola que recibiu un premio Grammy en 2016 á mellor gravación de ópera co mesmo director. Entre os seus proxectos futuros figura *Henry VIII*, de Saint-Saëns, en Bruxelas, *L'heure espagnole*, de Ravel en Tel Aviv, e *Les Pecheurs de Perles* na Staatsoper Berlín. Proximamente gravará *L'enfance du Christ*, de Berlioz para o selo Warner Classics. 📌



**Maciej
Pikulski**



É licenciado en piano, música de cámara e acompañamento vocal no Conservatorio Superior de Música de París, posteriormente admitido no ciclo de posgrao e gañador do Premio da Fundación France Telecom.

Discípulo de Dominique Merlet e Clive Britton (ex alumno de Claudio Arrau) Maciej Pikulski foi convidado a actuar como solista en Brasil, Uruguai, Rusia, India, Sri Lanka, Italia, Alemaña, España, Suíza, Polonia e Bélxica. Interpretou o gran repertorio de concertos para piano con orquestras francesas, belgas, inglesas, romanesas, italianas, polacas e brasileiras.

Maciej Pikulski realizou tres gravacións: o *Concerto 2º*, de Serguéi Rajmáninov, completado con obras de Liszt e Chopin; transcripcións de Franz Liszt de cancións de Schubert; e obras para piano de Serguéi Rajmáninov.

Foi elixido pola French Chopin Society para interpretar a parte de piano na reconstrución do último concerto de Chopin en París. Tamén foi convidado a participar no conxunto integral de *Sonatas* de Mozart na quincena Musical de San Sebastián.

Como intérprete de música de cámara, Maciej Pikulski realizou dúas gravacións co violonchelista francés Raphael Chretien e interpretou concertos de música de cámara con prestixiosos músicos franceses.

É acompañante habitual de cantantes de prestixio: actuou con José van Dam

(catro CDs e un DVD; recitais en Carnegie Hall, Lincoln Center, La Scala de Milán, Teatro Real de La Monnaie de Bruxelas, Concertgebouw de Amsterdam, Teatro Colón en Bos Aires, Théâtre des Champs Elysées en París, etc); Renée Fleming (DVD e recitais en Salle Pleyel de París, Musikverein Grosser Saal de Viena, Grand Theatre de Genève, Barbican Centre de Londres, Festspielhaus de Baden-Baden, Dublin Concert Hall, Rudolfinum de Praga, Auvers-Sur-Oise de Francia); Thomas Hampson (CD de cancións francesas); Natalie Dessay e Laurent Naouri (recitais en Versalles, Burdeos, Toulouse, Montpellier, Xenebra e Sao Paulo); Dame Felicity Lott (recitais en Francia, Gran Bretaña, España e India); Maria Bayo (recitais en España, Francia e Xapón); Sumi Jo, Anna-Caterina Antonacci, Joseph Calleja, Christianne Stotijn, Patricia Petibon, Véronique Gens, Mireille Delunsch...

Maciej Pikulski imparte clases maxistras en China, Brasil, India, Bélxica, Holanda, no Conservatorio Superior de Música de París, Montpellier e Estrasburgo.

É profesor titular no Conservatorio Superior de Música de San Sebastián (España).

A prensa destacou a súa «sensibilidade poética» (*Globe and Mail*, Toronto), a súa «poderosa técnica» (*New York Times*), e denominouno «músico magnífico» (*Le Figaro*) e «gran pianista» (*Corriere della Sera*). ▲



Lied vs. Mélodie: bandos reconciliados

«Denn mit Göttern / Soll sich nicht messen / Irgendein Mensch»
(«Pois con deuses non debe medirse ningún home»)
F. Schubert, *Grenzen der Menschheit*

Moitas veces ao longo da historia os conflitos políticos de mans de homes desafiantes, como o Prometeo que nos achegan Goethe e Schubert, reflectiron os demais ámbitos da vida diaria das persoas. Tamén na música. Cruzada a liña do artista dependente dun mecenas, o certo é que para os compositores, como seres inherentes a un

contexto social, semella lóxico e natural que tamén expresaran o seu propio sentir, ou mesmo o espírito que inundaba a realidade circundante.

Cunha primeira parte centrada no *lied* alemán e a segunda na *mélodie* francesa, gozaremos dunha selección de obras de senlleiros compositores que viviron unha época convulsa marcada pola rivalidade

destas dúas grandes potencias. A excepción de Schubert –falecido moitos anos antes– Liszt, e Duparc asistiron á Guerra Franco-prusiana que quebrou as relacións entrámbolos países e que cambiaría totalmente os seus respectivos contextos. No caso do Reino de Prusia, orixinando o Imperio alemán; e no do país galo, dando inicio á III República francesa. Una nova era na que Ravel medrara e na que se convertería en habitual o posicionamento e a hostilidade entre os dous bandos, ata na música.

Dous bloques de lieder de Schubert compostos entre 1813 e 1823 son os que se nos presentan. O primeiro grupo está configurado por cinco cancións: tres con texto do seu grande amigo Mayrhofer, un de Höltz e outro de Bruchmann. O segundo conxunto está formado por tres *lieder* sobre poemas do grande Goethe. O mestre indiscutible do *lied*, tanto pola súa arte á hora de afrontar a musicalización do estilo dun escritor, máis que dos poemas en si mesmos, coma pola inxente cantidade que compuxo, destacou xa dende moi novo pola súa sensibilidade e madurez compositivas.

O coñecemento dos escritores moitas veces non se limitaba ao plano literario, senón que transcendía tamén ao persoal. Con Mayrhofer, co que conviviu, estableceu un tándem idílico de traballo e complicidade artística que observamos nos tres primeiros *lieder*. Tamén co seu coetáneo Bruchmann existía unha relación de proximidade. Neste caso era principalmente de proteccionismo cara ao compositor, de feito no domicilio Bruchmann eran habituais as famosas *schubertiadas*. Höltz e, por suposto, o universal Goethe, foron dous dos grandes baluartes das letras xermanas que aportaban esa grande intensidade emotiva que buscaba Schubert nos poemas.

Entre ámbolos dous bloques xorde a versión de *Standchen* (D889, 1826) de Schubert tamén incluída en *Schwanengesang* (D 957, 1828), no arranxo que fixo Liszt para piano publicada en 1838. Unha sublime melodía, tratada polo gran virtuoso que deu en preservar a súa delicadeza, mantendo latente o sentir desta *Serenata*, súplica efusiva e chamada polo amado na quietude da noite.

Quen estivo en contacto con Liszt, acubillado na súa casa e lle presentara a Wagner, foi o compositor francés Duparc. Nacido nunha familia acomodada, será discípulo de Franck e manterá contacto cos principais compositores do seu tempo. Toda unha traxectoria aparentemente propicia para desenvolver unha actividade intensa, que non foi tal, xa que con tan só 38 anos unha grave enfermidade causa o cese compositivo do francés. Cinco cancións con texto de Baudelaire, Lahor, Bonnières, Gautier ou Copée, mostran unha intensa labor por acadar unha íntima asociación entre a palabra e a música.

Pecha o recital Ravel. Como un petisco instrumental, *Ondine*, primeiro dos tres movementos de *Gaspard de la Nuit* (1908), aparece para situarnos na sonoridade do compositor francés. Aínda que instrumental, está baseada nun poema de Bertrand. Un movemento evocador, de sinuosa delicadeza e á vez, de intensa esixencia técnica; un bocado de fino sabor e fresca sobre unha paleta colorida de recursos. Tras este prolegómeno chega *Don Quixote a Dulcinea* (1933), tres cancións contrastantes con texto de P. Morand. O que ían ser catro obras independentes entre si para seren empregadas con fins cinematográficos, quedarían finalmente en tres, rematadas a duras penas, xa que a saúde do francés mingua a pasos axigantados. ▲

José Antonio López

baixo-barítono

Cuarteto Novecento

cuarteto de corda

Ildikó Oltai, Irina Gruia, Ioana Ciobotaru e Thomas Piel

G. Puccini, G. Mahler,
W. E. Korngold, G. Finzi,
S. Barber, M. Ravel



A beleza da melancolia

I

G. Puccini (1858-1924)

Crisantemi

Gustav Mahler (1860-1911)

Lieder eines fahrenden Gesellen

Wenn mein Schatz Hochzeit macht

Ging heut Morgen über's Feld

Ich hab' ein glühend Messer

Die zwei blauen Augen von meinem Schatz

W. E. Korngold (1897-1957)

String Quartet num. 2. Intermezzo

Gerald Finzi (1901-1956)

By Footpath and Stile Op. 2. (selección)

Paying calls

The Master and the Leaves

Exeunt Omnes

II

Samuel Barber (1910-1981)

String Quartet Op. 11. Adagio

Dover Beach Op. 3

Maurice Ravel (1875-1937)

String Quartet. M. 35. II. Assez vif

Don Quichotte à Dulcinée

Chanson Romanesque

Chanson épique

Chanson à boire





José Antonio López



O barítono José Antonio López é un cantante versátil que navega entre estilos e épocas, desde o Barroco á música contemporánea, repartindo a súa actividade artística entre o concerto, a ópera e o recital, sempre atendendo á estilística e expresividade de cada período e ao uso da voz ao servizo da música. No ámbito concertístico, os seus recentes éxitos cantando as *Paixóns* de Bach na Musikverein de Viena, *Ein Deutsches Requiem* no Bozar de Bruxelas, ou os debuts xunto a orquestras como a Cincinnati Symphony, BBC Symphony, BBC Philharmonic ou a Budapest Festival Orchestra, acreditan o seu gran momento.

José Antonio López foi dirixido por grandes mestres como David Afkham, Andrey Boreyko, Ivor Bolton, Iván Fischer, Martin Haselböck, Pablo Heras-Casado, Christopher Hoogwood, Lorin Maazel, Andrea Marcon, Juanjo Mena, Gianandrea Noseda, Víctor Pablo Pérez, Maurizio Pollini, Josep Pons, Christophe Rousset, Masaaki Suzuki, Gustavo Dudamel e Carlos Mena, entre outros.

Os últimos anos testemuñan tamén un importante crecemento da súa actividade lírica, como demostran o rol principal de *El público* de Mauricio Sotelo no Teatro Real

e *El enigma di Lea* de B. Casablanca no Gran Teatre del Liceu, os recentes debuts como *Germont*, *Macbeth*, *Sharples*, *Ford* (Sevilla), *Amonasro*, *Iago* e *Jokanaan*, ou o rol principal de *Der fliegende Holländer* en Valencia. Tamén cantou, entre outras, diversas óperas de Händel (*Giulio Cesare*, *Rinaldo*, *Radamisto*, no Teatro de Bellas Artes de México, ou *Rodelinda*, no Teatro Real en produción de Claus Guth), *Figaro*, *Don Giovanni* ou *Escamillo*, ademais de múltiples zarzuelas.

A súa carreira inclúe, ademais, actuacións en salas como o Barbican, Prinzregententheater de Munich, Berwaldhallen de Estocolmo, Filharmónica de Varsovia, Halle aux Grains de Toulouse, ou Konzerthaus, Mozarteum, Barbican Center e Theater an der Wien, ademais das principais salas españolas. Nelas intepretou un repertorio que vai de Bach a Brahms, ademais das obras de Mahler e Britten, *Requiem* de Verdi e *Gurrelieder* de Schönberg, esta última gravada polo selo Deutsche Gramophon. Así mesmo, conta con gravacións para Harmonia Mundi, Naxos e Chandos. José Antonio López é moi activo tamén na interpretación do repertorio contemporáneo. ▲



Cuarteto Novecento



Catro músicos chegados de distintos recantos de Europa atópanse en Santiago de Compostela. Ildikó Oltai, Irina Gruia, Ioana Ciobotaru e Thomas Piel. Todos eles membros da orquestra Real Filharmonía de Galicia, deciden unirse e formar un cuarteto de corda estable.

O Cuarteto Novecento ofrece algo máis ca un repertorio habitual. Céntrase na música escrita a finais do Impresionismo para abarcar todo o século XX. Música descoñecida ou pouco coñecida pero sempre divertida, sempre sensible e sempre orixinal. Nos seus recitais, cada obra representa un país, unha cultura e unha filosofía musical chea de contrastes dispostos a emocionar e satisfacer a sensibilidade do público. O Cuarteto Novecento quere, con esta iniciativa, presentar unha proposta distinta e diferenciada que complete o panorama musical camerístico desde Santiago de Compostela.

O primeiro concerto do Cuarteto Novecento celebrouse en xuño de 2016 no

Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela con obras de Turina, Britten, Shostakovich e Bartók, con gran éxito de público e da crítica.

Cabe destacar a súa participación en diferentes programacións de música de cámara da Universidade de Santiago de Compostela, a Sociedade Filharmónica de Vigo, o Ciclo de Música Relixiosa de Barcia de Mera, a Sociedade Filharmónica Rías Baixas, a Sociedade Filharmónica de Monforte de Lemos, a Sociedade Filharmónica de Pontevedra, o Festival de Arpa de Noia e a Asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela, entre outros.

En 2018 colaborou no disco *Fios de ouro* no ár do músico galego Rodrigo Romaní. O mesmo ano promoveu o ciclo «Mulleres Compositoras» coa Universidade de Santiago de Compostela. Por encargo do Concello de Betanzos estreou o *Cuarteto de cordas nº 11* do compositor galego Carlos López García-Picos. ▲

A beleza da melancolía

A modo de oxímoro xorde o título Evocador deste terceiro concerto que pecha o ciclo. Unha alusión á suxerinte melancolía, traducida literalmente do grego coma «bile negra», foi un dos catro humores que estableceu Hipócrates aló polo século V a. C. e que as artes se encargarian de idealizar e aderezar ao longo da historia. A representación da tristura, pero tamén da contemplación e da inspiración ou mesmo da misticidade, estableceuse como un reto a través das diferentes manifestacións artísticas, ata na música dos séculos XIX e XX na que hoxe nos sumerximos viaxando polos principais núcleos artísticos daquel momento: Italia, o Imperio Austrohúngaro, as Illas Británicas, Estados Unidos e Francia; da man de compositores de renome e cun atractivo nexo en común: a canción e a música de cámara.

Abre o concerto *Crisantemi* (1890) de Puccini. Obra orixinariamente concibida

para cuarteto de corda, pese a que o arranxo orquestral deu en facerse máis coñecido. A simboloxía da eternidade desta flor tan asociada ao día dos defuntos, constitúe unha ofrenda do compositor ao seu prezado amigo Amadeo de Savoia. Entremedias *Edgar* e *Manon Lescaut*, Puccini compuxo esta obra a noite que coñeceu a perda do que fora rei de España apenas dous anos. De feito, empregará este material melódico na segunda das óperas citadas.

Froito do namoramento da soprano Johanna Richter, Mahler puxo música a seis poemas entre 1883 e 1885 que, segundo o compositor, «representan un compañeiro errante que, ferido polo destino, deambula polo mundo abandonado ao azar», aínda que só catro conformarán o ciclo con acompañamento orquestral *Lieder eines fahrenden Gesellen* (*Cancións dun camiñante*, 1897). Neste reducido número de poemas

con referencias textuais propias do acervo liederístico precedente, Mahler desprega un traballo timbrico, melódico e harmónico extraordinario, debedor e digno continuador da excelsa tradición schubartiana.

Korngold e o segundo dos catro movementos do seu *Cuarteto para corda núm. 2* (1933) funcionan como ponte co século XX. Cunha linguaxe moi distinta á hollywoodiana posterior, este *Intermezzo* irrompe enérxico e con carácter, con arrecendo da escola centroeuropea anterior pero amosando xa certa madurez. Non en van, Korngold sería xa de moi novo considerado neno prodixio; poida que nisto tamén tivera que ver o estímulo paterno. O seu pai fora un dos máis prezados críticos do seu tempo e o que achegou as primeiras nocións musicais ao máis tarde oscarizado compositor cinematográfico.

Salvando as distancias, podemos establecer certo paralelismo co londiniense Finzi —italiano de ascendencia— no que se refire á precocidade e tamén á pegada que deixaron nel compositores da escola musical inglesa coma Elgar ou Vaughan Williams. Esta obra, con texto de T. Hardy, *By footpath and stile*, op. 2 (1923), constitúe unha das súas primeiras obras compositivas e a primeira en publicarse. Este primeiro ciclo dos seis que realizará está hoxe representado polos números 1, 4 e 6. Todo un exemplo da nostalgia que sempre caracterizou a este compositor que, abatido pola I Guerra Mundial, deixa a capital para retirarse á quietude do rural inglés pese ao abatemento do tempo que lle tocou vivir e as importantes perdas persoais que o atormentaron.

Segundo co rosario de prodixios, Barber abre a segunda parte do concerto con este *Adagio*, segundo movemento do *Cuarteto para corda*, op. 11 (1936), que

chegaría a ser peza independente nun arranxo para orquestra de corda. Unha partitura de fondo lirismo, un brillante lamento de máxima expresividade, reproducida en cuantiosas manifestacións audiovisuais e homenaxes que de seguro é máis que recoñecida polo venerable. Tras este momento de introspección, *Dover Beach*, op. 3 (1931) trasládanos ao período entre guerras. Con texto de M. Arnold este poema lévanos a esa praia calma pero inquietante: a quietude antes da tormenta.

O *Cuarteto para corda M35* (1902), que nunca pasa desapercibido, vén demostrar a ousadía xuvenil do gran mestre da orquestración que foi Ravel. O segundo movemento, en concreto, plasma á perfección a grande versatilidade técnica que adquirirían as súas partituras, sen perder un ápice de expresividade. A mellor forma de prepararse para o *Don Quixote a Dulcinea* (1933), que xa puidemos desfrutar no anterior concerto na súa versión pianística. A orquestración posterior ofrece unha inxente cantidade de matices, máis vindo do propio compositor, destro pianista pero excelso orquestrador. A esencia contrastante de cada movemento vén polo emprego de ritmos marcados e distintos, con connotacións populares e xiros que nos trasladan ao carácter español do *enxeñoso fidalgo*.

O derradeiro adeus que carrega a morte dun ser querido, o desespero da alma errante, inconsolable e desesperanzada; a desolación tras a lide que deixa perdas persoais e temporais, de anhelos dun tempo pasado mellor; e, finalmente, a irracionalidade do individuo aferrado a un maxin creado por el mesmo que defire da realidade... Causas de fondo abatemento para un individuo ou unha colectividade pero que, grazas á música e á canción, transformaron estes grandes xenios en consecuencia de sublime beleza. ▲

Edita: Compostela Cultura - compostelacultura.gal
Notas ao programa: Beatriz Cancela
Deseño: Paula Cantero - origamiestudio.com



Venda de entradas en:

compostelacultura.gal

Despacho de billetes do Teatro Principal.
Aberto de martes a sábado, máis os días de evento, de 18 a 21 h.

Descontos e entradas especiais

Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.

Descontos non acumulables entre si.
Só se pode aplicar un desconto por entrada.



TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
Oficina 981 542 347
Billeteira 981 542 349
tprincipal@santiagodecompostela.gal



CompostelaCultura
operacompostela



@CCultura



C

Compostela
Cultura

